

## HUME. CRÍTICA IDEA “SUBSTANCIA”:

Análise da validez/verdade da idea de *substancia* para a obtención de coñecemento.

1. Análise en base ao **criterio de verdade** de Hume, **Principio da copia**: Toda idea é representación/copia dunha impresión.
2. Análise en base ao **método de investigación** humeano, **Microscopio de Hume**: Exame do vocabulario filosófico sospeitoso de non aportar ningún coñecemento: ¿De que impresión deriva esa idea?
3. Cuestión a investigar: **¿Hai algunha impresión, de sensación ou de reflexión, da que sexa copia a idea de substancia?**
4. Resposta:
  - A idea de *substancia* **non procede dunha impresión de sensación**, porque **non contén ningún dato sensible** dos sentidos externos.
  - A idea de *substancia* **non procede dunha impresión de reflexión**, porque **non é unha paixón ou unha emoción**.
  - Conclusión: A idea de *substancia* é unha **ficción**: un conxunto de ideas simples unificadas pola **imaxinación**.